


PRESENTACIÓN DO LIBRO

Presentación o mércores 27 de xaneiro de 2010,
ás 20.00 h,
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”
(Pazo de Vila Melania – Vilaboa).

Interveñen:

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.
Miguel Anxo Fernán Vello, poeta e editor.
Xavier Correa Corredoira, autor.
Pocho Taxes, guitarra eléctrica.



OS DÍAS ADIADOS,
**DE XAVIER CORREA
CORREDOIRA**



Presentación

Acollemos, na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra” de Culleredo a presentación do libro *Os días adiados*, do pintor Xavier Correa Corredoira, publicado pola editorial Espiral Maior, que dirixe Miguel Anxo Fernán Vello, no pasado ano 2009.

É este o primeiro poemario publicado polo autor, que xa hai algún tempo, no seu libro *Pintor en Italia* (de Baía Edicións), facía unha incursión literaria combinando a crónica de viaxes con ilustracións propias.

En *Os días adiados* recolle Xavier unha selección da súa poesía dende os anos 70 ata o momento actual.

É unha boa oportunidade para compartir, de boca do autor, o significado do binomio pintor-poeta, acompañados coa música do guitarrista Pocho Taxes.

Quedades convidados.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Xavier Correa Corredoira naceu na Coruña en 1952. Aínda que a súa primeira vocación foi a literaria, xa en 1975 decantouse pola pintura.

Participou en grupos artísticos como “Carón” e “La Galga”, dous movementos de vanguardia galega que precedieron a “Atlántica”.

Entre 1980 e 1983 expuxo xunto cos integrantes do colectivo “Atlántica”.

En 1984-1986 creou, con Pedro Muíño e Pepe Galán, “GrupOrzán”, considerada unha alternativa ao mercado de difusión institucional e concibido como modelo de autoxestión, como marchante dos artistas asociados á .

Entre 1973 e 2009 realizou exposicións individuais, nalgúns casos en varias ocasións, en galerías como Escola de Arquitectura (A Coruña), Galería Os Arcos (A Coruña), Galería Mestre Mateo (A Coruña), Modus Vivendi (Santiago), Galería Arco da Vella (Lugo), Galería Jamete (Cuenca), Galería Sargadelos (Santiago), Casa de la

Cultura (Vigo), Galería Sargadelos (Barcelona), Galería Finisterre (A Coruña), Colectivo Palmo (Málaga), Kiosko Alfonso (A Coruña), Galería Trinta (Santiago), Galería Abel Lepina (Vigo), Galería Nasoni (Oporto), Casa da Parra (Santiago), Galería Pardo Bazán (A Coruña), Galería Evelio Gayubo (Valladolid), Galería Ventana Abierta (Sevilla), Galería Santa Bárbara (Madrid), Fundación Caixa Galicia (A Coruña), Galería SCQ (Santiago), Estación Marítima (A Coruña), La Fábrica (Abarca de Campos), Fundación Luís Seoane (A Coruña), Galería VGO (Vigo), Atlántica Centro de Arte (A Coruña); (Barcelona), Galería Birimbao (Sevilla), Galería PM8 (Vigo), Galería Sargadelos (A Coruña).

Participou tamén en numerosas exposicións colectivas en A Coruña, Ourense, Santiago, Baiona, Vigo, Sada, Salvaterra de Miño, Pontevedra, As Pontes, Lugo, Ferrol, Madrid, Oviedo, Málaga, Valencia, Barcelona, Santander, Xixón, Oporto, Vilanova de Cerveira, Lisboa, Maia, Viana do Castelo, Dublín, Lorient, Hérault ou París.

O nome dobrado dunha cidade:

*A Coruña/La Coruña, expresa
autoctonía e mais extrañeza.*

*Sitúa urbe na terra, observándoa
por e desde fóra e traducíndoa:*

*Torino/Turín: Dobrar é dobrear,
trazar fronteira con barra, separar
A Coruña como basa de pedra
á deriva, falando gibraltarés...*

Xavier Correa Corredoira

